

II ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA ESTRADA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DA OFICINA DA ESTRADA DA REDE SMARTPEME PONTEVEDRA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POR:

II ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA ESTRADA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN EMPRESARIAL E O EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DA OFICINA DA ESTRADA DA REDE SMARTPEME PONTEVEDRA

En Pontevedra/A Estrada

INTERVEÑEN

D. Luis López Diéguez, actuando en representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidente deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

D. José Carlos López Campos, alcalde do Concello da Estrada, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta II addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello da Estrada asinaron, con data 10 de maio de 2022, un convenio de colaboración para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina da Estrada da Rede SmartPeme Pontevedra, situada no viveiro de empresas da Estrada, con vixencia ata o 20 de febreiro de 2024.

Segunda.- Que resultando de interese para a Deputación e o concello da Estrada continuar coas actividades previstas no convenio, reuniuse, o 15 de febreiro de 2024, a comisión de seguimento do devandito convenio acordándose: a ampliación da vixencia do convenio ata o 20 de febreiro de 2026, condicionada á existencia do contrato no que se fundamenta a prestación do servizo obxecto de convenio, deixando o resto de cláusulas do convenio intactas.



Terceira.- Que a cláusula décimo segunda do devandito convenio determina que as partes poderán prorrogar a vixencia do convenio de forma expresa, a través da correspondente addenda.

Cuarta.- Que a vixencia total do convenio de orixe non se estende máis do prazo máximo establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da duración

Ampliar a duración do Convenio, prevista na cláusula décimo segunda, ata o 20 de febreiro de 2026.

Que coa duración da presente prórroga a vixencia total do convenio non se estende por un período superior ao límite legal establecido no art. 49.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDA.- Efectos da addenda

A presente addenda xurdira efectos desde a súa sinatura.

A eficacia vinculante da presente addenda queda condicionada á existencia do contrato administrativo do "Servizo de evolución e xestión da Rede SmartPeme de Pontevedra". O incumprimento desta condición producirá á resolución automática do mesmo.

Salvo nas modificacións expostas na presente addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do Convenio.

TERCEIRA.- Réxime xurídico

A regulación establecida nesta II addenda axustarase, en todo o non especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do Convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente II addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o concello da Estrada para a realización de actividades de promoción empresarial e o emprendemento a través da oficina da Estrada da rede SmartPeme Pontevedra.

Asinada dixitalmente.

